

"Aquela noite, coa mirada cravada no horizonte, vimos caer moitas estrelas debuxando os seus camiños caóticos. E nós contábamnos e volvíamos a contar, pedíamos desexos, calculábamnos as posibilidades. Sabíamos que a nosa vontade por unha vida libre tiña que pasar por enriba de todo o que nos oprime, nos mata, nos destrúe, por iso tirámonos ao baleiro, tal e como as estrelas que veíamos caer.

Dende entón, infinitas estrelas caeron, quizáis chegou a hora de que a nosa tamén caía, quen sabe. Se tivéramos listas as respostas non seríamos o que somos, senon cabróns interesados que ensinariámos á xente xeitos de ser roedores que se comen entre sí, como xa fan.

Polo menos, nós seguimos sendo tallantes e cabezotas, como o son a xente de nosa mesma pasta. E aqueles de nós que pecharon con dor os seus ollos e fóronse lonxe, permanecen coa mirada pegada a aquel ceo nocturno que mirabamos nós tamén. E vennos caer, estrelas belas e brillantes. Agora tócanos a nós, agora caemos sen vacilar..."

— Do comunicado de Nikos Romanós declarando a súa folga de fame polos permisos de saída educativa, novembro 2014.

## *Sobre Nikos Romanós*

---

### *Crónica dunha chuvia de estrelas .*

Nikos Romanós é un compañeiro anarquista encarcerado nas prisións gregas de Koridallos dende que foi detido tras un dobre atraco armado que foi frustrado en Velvendós, Kozani, ao Norte de Grecia. Tiña 18 anos. Tras aquel asalto atopábase a estela dunha traxectoria insurrecta que comeza un 6 de decembro de 2008, cando a policía grega asasina a sangue frío a Alexandros Grigoropoulos, anarquista de 16 anos de idade e amigo de Nikos, diante del e doutras amizades, no barrio de Exarchia, no centro de Atenas, coñecido pola súa prolífica actividade anarquista, e por ser un barrio combativo escenario dalgunhas das revoltas e tensións sociais máis fortes das últimas décadas, dende a revolta da Politécnica en 1973 que puxo fin á dictadura da Xunta de Coroneis, a outros levantamentos e protestas posteriores, como a ocupación de edificios universitarios durante as greves estudantís nos anos '80. O asasinato de Alexis a mans do policía Epaminondas Korkoneas quen lle disparou no peito inflamou a raiba que un segmento amplo da poboación grega, e especialmente xs anarquistas e a mocidade salvaxe e precaria dos barrios, acumulaban dende facía tempo, e especialmente tras o comezo da crise financeira. Os disturbios pronto se estenderon polas principais cidades de Grecia (Atenas, Tesalónica, Volos, Patras, Heraklión...), acompañados de saqueos e ataques incendiarios a comercios de grandes marcas e supermercados, ataques e accións descentralizadas, ocupacións de edificios universitarios dende onde coordinar as revoltas, greves espontáneas en solidariedade, manifestacións masivas e outros moitos xestos de negación que deron corpo a unha insurrección que convertería nunha das maiores convulsións sociais do noso tempo, e da que Nikos, pese á súa corta idade, foi actor directo. Despois de aquilo, para Nikos xa non houbo volta atrás. Perdéuselle a pista, ata que unha mañá de febreiro de 2013, fai 3 anos, foi atrapado.

Dende o primeiro momento da súa detención, Nikos, xunto aos outros tres

compañeiros que foron detidos con él (Andreas Dimitris Bourzourkos, Giannis Michailidis e Dimitris Politis) mantivo unha actitude digna, irreverente e desafiante.

Foron trasladados a GADA, as dependencias da Xefatura Policial de Atenas, interrogados e torturados para sonsacarlles información sobre posibles cómplices. Nin Nikos nin os outros compañeiros falaron. Sen embargo, as marcas que deixaron nos seus rostros as brutais malleiras dos madeiros foron tan obvias que nin a torpe montaxe fotográfica realizada polos axentes de policía usando Photoshop abundou para ocultalas, e o propio Ministro do Interior, así como os medios de comunicación da prensa corporativa grega tiveron que admitir que os compañeiros foron torturados e sufriran malleiras durante a súa custodia.



Ao ser trasladados a dependencias xudiciais, Nikos berrou á prensa carroñeira *"Policías, xuíces, xornalistas, non tedes razóns para durmir tranquilos! Viva a anarquía, viva a anarquía cabróns!, gañáchedes esta*

*batalla pero non a guerra!"* deixando claras as súas intencións e mantendo a cabeza alta e firme.

Enviado a prisión preventiva xunto a Andreas, Dimitris e Giannis, Nikos non cesaría de pronunciarse a través de comunicados, proseguindo coa loita dende o interior do cárcere, participando en mobilizacións de xaxúns ou greves de fame con distintas reivindicacións individuais ou colectivas e solidarizándose con outrxs compañeirxs encarceradxs. Por aquilo, sufriu os maltratos e abusos do persoal carcelario e dos madeiros, que sen éxito tentaron e seguen tentando quebrar a súa vontade con golpes, aillamentos e castigos. Dende fora, todo isto acompañouse internacionalmente con accións e xestos solidarios. Sabotaxes, ataques explosivos ou incendiarios a símbolos e infraestructuras do dominio, manifestacións combativas, concentracións, reparto de panfletos, cartaces solidarios, faixas colocadas nas rúas, pintadas nos muros, emisións radiofónicas de apoio en radios libres... tanto en Grecia coma noutros países (Estado español, Italia, Francia, Alemaña e outros...).

O 1 de outubro de 2014, aproximadamente ano e medio despois do seu encarceramento "preventivo", o xuízo contra os catro compañeiros detidos en Kozani e para outros dous compañeiros (Argyris Ntalios e Fivos Harisis) que pese a ser detidos posteriormente e negar toda participación nos feitos son acusados igualmente de ter participado nesa expropiación, conclúe coas seguintes sentencias:

- Giannis Michailidis: 16 anos, 4 meses e 10 días de cárcere.**
- Nikos Romanos: 15 anos e 10 meses de cárcere.**
- Andreas Dimitris Bourzoukos, Fivos Harisis e Argyris Ntalios: 15 anos e 11 meses.**
- **Dimitris Politis: 11 anos e 5 meses.**

Os cargos eran cometer roubo coa cara tapada (por este cargo, Dimitris Politis foi condenado só en calidade de cómplice, excluíndoo do demáis), posesión agravada de armas (polas armas usadas durante a expropiación) e roubo agravado de vehículo (por roubar un coche para tentar fuxir). Tamén se

acusou aos compañeiros de formar parte da organización anarquista revolucionaria Conspiración de Células do Lume, pero todos foron absoltos xa que ningún dos 6 compañeiros forma parte do grupo, tal e como expresaron tanto os compañeiros coma xs propixs membros encarceradxs da organización.

Dende aquel día, Nikos e os outros compañeiros imputados polo caso do atraco en Velvendós, Kozani, continuaron participando en mobilizacións dende a prisión.

En maio de 2014, Nikos Romanós emite un comunicado dende a prisión titulado "*A belixerancia da dignidade*" (disponible en Internet) onde informa de que recibira unha nova citación para presentarse ante os inquisidoras Mokas e Nikolopoulos en relación a unha serie de actos de sabotaxe reivindicados baixo diferentes nomes e dos cales acúsase a Nikos de ser o autor. No texto, Nikos realiza unha lúcida reflexións sobre a opción insurreccional e a súa validez e importancia dentro da totalidade da loita, e ademáis, asume a responsabilidade en firme por algunhas das sabotaxes cuxa autoría se lle imputaba. En concreto, as accións polas cales Nikos asume a súa responsabilidade nese escrito son:

**—Sabotaxe a liñas do tranvía, bloqueadas con cemento rápido o 21 de abril de 2012 como mostra de solidariedade con distintas greves de fame que se levaban a cabo nas prisións cando a acción tivo lugar. Reivindicado no seu día pola célula "*Lumes no Horizonte - Federación Anarquista Informal*".**

**—Incendio de todos os coches aparcados ao longo de toda unha mazá do barrio rico de Kifissia, Atenas, o 28 de abril de 2012. O ataque, reivindicado tamén por "*Lumes no horizonte / Federación Anarquista Informal*" dedicouse axs**

**membros da Conspiración das Células do Lume e ao preso anarquista Theofilos Mavropoulos (por entón aínda non reivindicado a sí mesmo como membro da CCF), que naquela altura estaban en greve de fame.**

**—Artefacto incendiario contra as oficinas da empresa inmobiliaria e inversora Trastor, nun quinto piso da zona de Panormou, Atenas, o 13 de agosto de 2012. Reivindicado por *"Federación Anarquista Informal / Frente Revolucionario Internacional – Brigada Lume ás Mazmorras"*.**

**—Artefacto incendiario contra as oficinas da Garda Urbana na área de Kipseli, Atenas, asinado, de novo, por *"Lumes no horizonte / Federación Anarquista Informal"*.**

Por estes ataques todavía non houbo un xuízo, pero nun futuro indeterminado, o compañeiro recibirá novas sentencias dado que antes do propio xuízo tomou a decisión consecuenta de tomar a responsabilidade deses ataques nas súas mans e boicotear o circo xudicial, dándolle un sentido político a esa elección e poñendo en evidencia calquera futura manipulación que madeiros, tribunais e medios de comunicación corporativos poidan tratar de levar a cabo contra él ou contra outrxs compañeirxs o día de mañá.

O día 10 de novembro do ano 2014, Nikos Romanós declara unha greve de fame indefinida esixindo que se lle concedan os permisos de saída educativa (aos cales tiña dereito dende setembro de 2014) para poder acudir a clase na universidade. A iniciativa foi seguida por unha greve de fame rotativa asumida polo resto de compañeiros arrestados tras o dobre atraco de Kozani, ademáis de numerosas concentracións en distintos puntos de Grecia e doutros países, propaganda solidaria, ataques a símbolos do poder estatal e a economía, e manifestacións, destacando unha mobilización realizada en Atenas o 2 de decembro de 2014, que derivou en fortes disturbios e en enfrontamentos coa policía ata altas horas da noite.

Cabe dicir que pese a que a promesa do Estado a cambio de que Nikos detivese a greve de fame (que mantivo durante máis dun mes, tendo que ser trasladado ao hospital onde seguiu rexeitando os soros e a alimentación forzosa, poñendo en serio perigo a súa saúde e a súa vida) foi a de conceder a Nikos os permisos que esixía e que correspondíanlle por dereito dacordo ao propio regulamento penitenciario, hoxe Nikos continúa sen eses permisos, faltando unha vez máis o Estado á súa palabra, como soe facer.



Hoxe, a actitude dos compañeiros e de Nikos en particular segue sendo a mesma, a actitude ineludible, sen arrependimentos, sen lugar para o medo nin para a culpa, dignos e consecuentes co camiño elixido, conscientes da súa situación de reféns políticos dun sistema que engaiola a calqueira que se atreva a poñer sobre a mesa as cartas para dobrarlle a aposta ao caleixón sen saída dun destino miserable, imposto por unha orde social asasina e escravista que trafica coa desesperación e mutila os desexos, enférmanos destruíndo o medio ambiente ao noso arredor e mercantilizando fauna e flora, imponnos traballos sen sentido dentro da súa absurda fábrica social a cambio dunha triste supervivencia feita de traballo, familia e diversións programadas e alienantes, dános drogas e psicofármacos para acougar a dor, empúxanos a

pelexarnos entre nós por cuestións de etnia ou nacionalidade, imponnos os seus roles de xénero e as súas relacións viciadas de sexismo e autoridade, engaiólanos e aíllanos con fronteiras, imponnos unhas leis hipócritas que só protexen os petos cheos, arrebatáanos calquera espazo de intimidade e rodéanos de tecnoloxías de vixilancia e control cada vez máis sofisticadas, mentres os seus exércitos levan a cabo guerras por recursos en medio mundo, bombardeando á poboación civil e desestabilizando e arruinando países enteiros para poder saquear as súas terras e despreparar alí os seus intereses económicos, e nas fronteiras seguen morrendo centenaes de persoas que tratan de fuxir..

Nikos Romanós, Andreas-Dimitris Bourzourkos, Dimitris Politis e Giannis Michailidis son os nosos compañeiros, os nosos irmáns, e non cederemos nin venderemos o noso apoio á súa causa e á súa loita, que é a nosa propia. Como anarquistas, reafirmamos a nosa solidariedade firme cos compañeiros, máis alá das hipócritas etiquetas de inocencia ou culpabilidade que reparten os oradoras da verborrea xurídica do sistema.

Por este motivo, é que decidimos editar este libríño, relatando de xeito resumido a praxde e situación do noso compañeiro Nikos Romanós e recollendo un texto recente da súa autoría, onde reflexiona precisamente sobre os acontecementos que precederon á súa detención en Kozani, e as eleccións e decisións difíciles que remataron consolidando a aposta definitiva pola insurrección e a ofensiva anarquista constante contra o mundo da autoridade e o dominio.

Porque como estrelas fugaces precipitámonos ao baleiro aos poucos, medindo nosa caída pero co corazón nun puño, afacéndonos á vertixe, respirando fondo, pechando os ollos e colléndonos da man, porque compartir o medo e a dor axúdanos a vivir.

Nikos é un dxs nosxs.  
A guerra continúa.

– **Algúns cómplices e solidarixs do Noroeste ibérico.**



**"Porque o atraco é unha acción política consciente. Non é o estadio seguinte a un período de ansiedade adolescente, de ambicións de enriquecemento persoal, nin tampouco é o resultado da nosa suposta preguiza. Con todo, contén o noso desexo de non atar as nosas vidas á brutal explotación do traballo asalariado. O noso rexeitamento a volvernós engranaxes para os intereses financeiros. A nosa resistencia ao seu violento avance da bancarrota mental e dos valores do seu mundo."**

**- Dun comunicado dos 4 anarquistas detidos en Kozani, con data do 12 de febreiro de 2013.**

## *Réquiem por unha viaxe sen retorno*

O que vou contar hoxe ten que ser considerado un testemuño apaixonado na memoria revolucionaria. O testemuño apaixonado dun acontecemento que para min foi o detonante do inicio do ataque contra os palacios do Poder. Un evento que contribuíu de maneira decisiva á construción do punto de non retorno para aqueles que tomaron as armas e encheron as súas maletas cos soños e esperanzas dun mundo de liberdade; nunha maleta puxen o meu odio, xunto con algo de roupa e algúns recordos, para saír definitivamente da miña casa, o día antes da redada da policía que me quería levar esposado a testificar na corte dos esbirros-asasinos. Cortei lazos coa miña vida pasada e uninme ás filas da loita anarquista ilegal. A pesar de que só tiña 16 anos, eu era moi consciente dos meus actos e sabía que, a pesar de que o meu calibre moral era moito máis alto que os homes uns pouco ridículos que estaban nesa habitación, non era aínda o momento de dicir todo o que supuxo para min, non era o momento axeitado, e eu non estaba realmente preparado para asumir conscientemente esa carga histórica. É por iso que preferín gardar silencio e dedicarme á guerra contra o poder, a mesma guerra que, sete anos despois, ségueme parecendo o lugar para a batalla, como un prisioneiro. Un peso histórico que esquivei momentáneamente, pero que nunca evadín e que vou tomar.

O proceso ao que me neguei a asistir, tamén todo o que seguiu, están a tratar de confirmar a orde, en forma de sanción institucional, dunha dobrez da controvertida historia, unha dobrez que avergoñou á democracia e que desenmascarou o cheiro a morte que deixa tras de si. Esta dobrez, parte indisoluble dunha historia que existirá mentres haxan oprimidos que se rebelan contra os seus opresores, empezou unha noite o 6 de decembro de 2008 entre a rúa Tsavella e a rúa Messolonghiou en Exarchia.

As cousas que vou contar non teñen en ningún xeito a intención de facilitar os mecanismos legais a fin de ter, no futuro, un veredicto máis xusto. Non creo na lei, nin nos tribunais que se elevan ameazantes para disciplinar axs que se desvían da orde ditada, enterrándonos baixo formigón e portas.

Atrévome a crer no poder do home libre, a posibilidade da libre determinación nun mundo de submisión xeneralizada, con vistas á revolución anarquista e á insurrección anarquista como práctica constante.

Vou empezar a miña historia tratando de trazar o perímetro da outra, para permanecer lúcido, para contribuír á creación dunha historia verosímil que non ensucie a memoria dos nosos mortos, para enviar unha mensaxe de rebelión aos interesados, para anotar os acontecementos desta historia de maneira que se considere sensible. A loita segue, por todos os medios, co amor da liberdade e o odio dos que manexan a orde do existente, manchado co sangue dos que se opoñían á súa omnipotencia.

Comeza o canto do cisne, a miña amizade con Alexandros...

Alexandros e eu coñecímonos na escola, víamonos con frecuencia porque vivíamos moi preto. Él era unha persoa que non podía soportar as convencións sociais e a hipocresía dominante no noso ambiente escolar. Él sempre estaba a buscar unha maneira de evitar estas situacións e niso sempre estivemos moi preto. Coñecímonos mellor cando a escola terminaba e nós marchábamos xuntos, fuxindo da rutina e do aburrimiento da escola, cos nosos paseos interminables onde descubrimos os recunchos da cidade descoñecida para nós, coas conversacións e discusións diarias sobre todo o que víamos con

escepticismo. O tempo pasou, e, paso a paso, fomos entrando no camiño das grandes preguntas e dúbidas serias sobre o mundo que nos rodeaba.

Con arredor de 14 anos tivemos o noso primeiro contacto cos anarquistas. Gustábanos ver as imaxes de televisión dos enfrontamentos entre manifestantes e a policía. Era algo que, segundo as nosas impresións inmaduras, consideramos unha práctica de resistencia contra a inxustiza diaria das desigualdades sociais. Entre outras cousas, para nós que pasamos todo o día nos parques e prazas, non era difícil que non nos gustara a policía, aínda que só sexa por instinto, poderíamos dicir. Víramos á policía humillar a migrantes nas rúas do centro de Atenas, vimos como se comportaban con adictos á heroína e coas persoas sen fogar, insultándoos. Pero estas son cousas que calquera transeúnte pode ver no centro de Atenas. A contradición que atopamos, con todo, foi que os policías se converteron en servos dos barrios ricos, onde vivíamos. Foi cando realmente entendimos á repugnante camarilla que pertencen estes ambiguos e cobardes parásitos.

Así, decidimos saír á rúa coa xente para ver de preto o que observáramos só desde a distancia e que desenvolvera en nós un gran interese. Aínda lembro a primeira manifestación á que fomos o 17 de novembro de 2007. Houbo enfrontamentos coa policía, que participaron tamén. Obviamente sentímonos moi inseguros, xa que acabábase de seguir e copiar os movementos que se enfrontaban coa policía. Vimos de preto como as persoas que non tiñan nada que ver foron brutalmente golpeados pola policía, foron asfixiados polos gases lacrimóxenos e sentimos por primeira vez na nosa pel a represión policial nunha manifestación. Despois da manifestación fomos a Exarchia, onde quedamos ata tarde na noite para discutir os acontecementos que vivíramos con gran entusiasmo. Con ese

entusiasmo foi o inicio do noso contacto co lado auténtico da vida.

Un punto de referencia importante para nós foi a manifestación antifascista do 2 de febreiro de 2008. Fora convocada por Mencer Dourado no aniversario de Imia [arquipélago formado por dúas illas en disputa territorial entre Grecia e Turquía, onde en 1996 foi derrubado un helicóptero da Forza Aérea grega], e os anarquistas convocaran unha contramanifestación para loitar contra os fascistas.

Nós tamén estivemos alí e vimos aos fascistas saír de detrás das liñas de escuadróns da MAT antidisturbios para acoitelar compañeirxs; fomos testemuñas de como os porcos da policía coordinaron as súas incursións cos fascistas. Vimos compañeirxs acoiteladxs, fascistas ser esmagados polxs compañeirxs con machadas e paus de madeira pesados. E, non o esquezamos, os que estaban na primeira liña fascista son agora membros do parlamento grego – refirome a Ilias Panagiotaros, Giannis Lagos, e Ilias Kasidiaris, antes de que repudiasen o seu pasado e invocasen á legalidade e á democracia.

Cando a loita rematou cos fascistas e a policía, pechámonos dentro da reitoría e permanecemos alí ata a tarde, cando saímos xuntos cara á manifestación. A marcha foi atacada de inmediato, xusto á beira da rúa, e había varios detidos e feridos.

Desde entón, empezamos a asistir a Exarchia a maioría dos días, onde nos atopamos con outras persoas, para ler as publicacións anarquistas, para informarnos a través de sitios de contra-info, para asistir ás okupacións como Vila Amalias e Prapopoulos. Tamén participamos en todas as manifestación da época, contra aqueles que tiñan por obxectivo reformar o "sistema de benestar" e as famosas protestas estudantís contra as reformas políticas, galvanizado polo conflito e a axitación na rúa que participaban cada vez con maior desexo e

determinación.

No mesmo período, xunto con outros estudantes, formamos un colectivo anarquista chamado "Anarchist attack of school students", e tamén participamos en asembleas sobre o papel da escola no funcionamento dos mecanismos sociais. Recordo que un par de horas antes do 17 de novembro 2008 tamén participamos nun ataque á mocidade do PASOK, que entón tiña oficinas en Exarchia. Aínda que os enfrontamentos non foron con eles, debido a que os militantes do PSAP [mocidade do PASOK] puxeran gardacostas para protexelos, como o facían en anos anteriores, durante as mobilizacións do 17 de novembro, cando, entre outras cousas, os seus gardacostas atacaron os bloques anarquistas e, na práctica, a loita non era contra os mozos do PASOK, senón contra os gardas que protexían o seu local. Co tempo fomos capaces de chegar ao lugar e os que non conseguiran fuxir recibiron o tratamento que merecían, co resultado de que ao día seguinte o estudante de PSAP que sostiña a bandeira da Politécnica saía cun brazo roto en todas as fotografías dos xornais.

O próximo evento que aparece nos meus recordos foi a protesta solidaria cos presos anarquistas Tsourapas e Kontorevithakis, acusados dun ataque incendiario nas oficinas da policía municipal. Ao remate da marcha, os solidarios dirixíronse á altura de Exarchia e Pedio tou Areos onde houbo un contacto con dous policías de escuadrón Zeta, aos que roubaron os cascados deixados no asento da moto. Durante ese contacto para poder escapar, os policías sacaran as súas armas e dispararan varias veces, non só ao aire, senón tamén co obxectivo de ferir ás persoas.

A seguinte escena desta historia ten lugar durante esa maldita noite do 6 de decembro. Eu, Alexandros e os outros mozos estábamos sentados na rúa peonil Messolonghiou, como ocorría case todos os días.

Despois dun tempo un compañeiro veu a nós e suxeríunos ir á rúa Charilaou Trikoupi para esperar a que un coche patrulla pasara, así podería arroxar algunhas pedras que recollera. Decidimos ir alí e esperar mentres Alexandros púxose aínda máis detrás de nós. Pouco despois, unha patrulla pasaba, con Korkoneas e Saraliotis no seu interior.

Non sabía entón que era a plenitude dos tempos para todos nós; era o momento que o cambiaría todo. O reloxo de area da vida estaba patas para arriba no momento en que unha pedra golpeou o coche de policía de Korkoneas. Voltamos e sentámonos na rúa peonil, co resto da xente, mentres que Korkoneas e Saraliotis pasaron no coche patrulla pola rúa Zoodochou Pigis para ver quen os atacaba; nese punto, tirámoslles algúns pequenos obxectos ao coche patrulla; unha vez que miraron cara a nós, afastáronse, aparcaron o coche patrulla xunto ao escuadrón antidisturbios que custodiaba as oficinas do partido PASOK, e regresaron a pé á intersección de Tzavella e Zoodochou Pigis.

Unha vez que vimos aos policías achegándose, levantámonos para fuxir, xa que pensábamos que a MAT (escuadrón antidisturbios) viría con eles, como adoita ser o caso. Nese momento os dous policías comezaron a insultarnos, e ahí é cando nos decatamos de que chegaran pola súa conta, sen ningunha forza de policía de apoio. Así que algúns de nós movímonos cara á súa posición, e Alexandros, que seguira adiante, arroxou algunhas das botellas de cervexa que estivera bebendo. Despois duns poucos segundos, Korkoneas sacou a súa arma e concluíu o enfrontamento que se iniciou antes por medio de dúas balas.

Unha bala no corazón de Alexandros para pechar o ciclo da omnipotencia da maquinaria estatal. Un charco de sangue na rúa

peonil Messolonghiou para abrir o ciclo de inestabilidade que fixo cascallos a orde establecida, estendéndose o caos e a anarquía en moitas cidades de Grecia.

Como é lóxico, os avogados defensores tratan e tratarán de demostrar como ese evento foi un caso extremo, un feito illado, un erro. Pola miña banda, xa que isto pode soar contraditorio desde o punto de vista xurídico, pero non da política, esta liña tamén cumpre os meus desexos. Eu non creo na institución da prisión, porque creo que é unha das ferramentas de terror empregadas democráticamente polo poder hexemónico para asegurar a súa perpetuación.

Creo no dereito revolucionario para tomar a lei nas nosas propias mans e no esforzo de todos para cadrar as contas cos seus inimigos, fóra da mediación da policía, os xuíces, as leis, as prisións, a represión pensada científicamente, toda a fealdade tecnócrata que tingué a beleza dos instintos salvaxes e o libre albedrío. Por tanto, na miña opinión, en comparación coas dos policías asasinados, existe a oportunidade dunha perspectiva caótica para vingar todas esas mentes perdidas. Isto é o que está ben no meu sistema de valores.

Ademais, nós non estamos afeitos a torturar persoas como fai a civilización autoritaria contemporánea sistematicamente. A maior monstruosidade na historia da humanidade, que mesmo conseguiu normalizar a morte e poñer palabras e significados ao servizo da súa dominación a través dos mecanismos de propaganda dos sempre "obxectivos" centros de información mundiais.

Porque todos nós, inimigos do Poder, poderíamos chegar a un acordo co cárcere ou mesmo coa morte como unha eventualidade potencial, pero é que nunca aceptamos a existencia da morte como unha noticia na realidade virtual á que estamos a ser bombardeados.



A parte máis ridícula de todo isto é o feito de que os mecanismos de propaganda de dominación tenten retratar asasinatos cometidos por policías como incidentes illados provocados por personalidades trastornadas, como os accidentes que sempre ocorren debido á negligencia.

Os homicidios cometidos por policías non son casos illados, e nin sequera un fenómeno puramente grego. Son a resonancia da imposición democrática extrema aos marxinados, aos pobres bastardos, aos desfavorecidos, insurrectos, migrantes. E cando estes asasinatos se levan a cabo de forma selectiva contra os rebeldes que loitan contra a hexemonía, coa chama da liberdade que ilumina o seu corazón, convértense en probas da existencia da guerra de liberación.

Trátase dunha consecuencia lóxica das concepcións do seu papel, que é defender militarmente a gran operación do mecanismo social, conceptos cos que estas persoas nutren e renovan os seus mecanismos represivos.

As armas dos policías, entón, non só se disparan coa clara intención de matar en Grecia. Matan a nenos en Turquía, xa que participan en manifestacións contra o goberno, matando a un mozo de dezaseis anos en Italia, xa que non se detivo tras un "alto" da policía, matan ás nais e ós seus fillos en Palestina, matan a decenas de afroamericanos nos EE.UU. por racismo puro, matan aos migrantes nos suburbios de Suecia, matan aos nenos dos barrios pobres de Inglaterra, polo que matan de forma reiterada en todos os recunchos do planeta para impoñer a súa paz social.

E se os exemplos que dei son coñecidos porque provocaron grandes e pequenos levantamentos contra os asasinatos de Estado, non son máis

que unha pequena pinga no océano dos asasinados que toman a policía para apoiar a hexemonía capitalista.

Se tapamos os ollos e os oídos para non escoitar ou ver o fluxo continuo da propaganda hexemónica, podemos sentir as miles de mortes anónimas nas comisarías de policía, na fronteira entre a terra e o mar, nos centros de detención, hospitais psiquiátricos e prisións, zonas de guerra no Medio Oriente, na asemblea dos escravos contemporáneos. Podemos oír os berros das persoas sendo torturadas nas celas das comisarías de policía, que se suicidan por desesperación nalgún lugar da súa detención, que se afogaron nas augas xeadas do mar Exeo debido á Garda Costeira, que romperon os ósos nos mecanismos de produción das multinacionais nalgún país do terceiro mundo, que morren esmagados baixo os cascallos das súas casas bombardeadas polas forzas do imperio capitalista.

En consecuencia, todos os discursos que se fan sobre o valor da vida humana son radicalmente hipócritas e profundamente ofensivos.

Nós, pola nosa banda, temos unha concepción completamente diferente do que é natural e o valor da vida humana en comparación con estes conceptos determinados polas normas hexemónicas.

Non consideramos natural que os occidentais coman a súa comida con indiferenza fronte á televisión vendo as imaxes dos avións de guerra bombardeando ata os seus cimentos os territorios do terceiro mundo. Pola contra, parécenos natural que a guerra se desenvolva nos centros das cidades que causan dano político ás operacións asasinadas da superpotencia hexemónica.

Non cremos que é aceptable que os civís sexan bombardeados como estratexia de guerra polos Estados, co fin de esmagar a moral dos

pobos que resisten como o de Palestina. En lugar diso, cremos que é aceptable golpear por calquera medio a eses soldados júnior ou sénior que tripulan as operacións militares contra a poboación civil.

Non consideramos natural que todo isto preséntese como unha "humanitaria" hexemonía de superpotencia para a preservación da paz. Non consideramos natural que o mundo civilizado estea a chorar bágoas de crocodilo polos mortos en Francia, mentres que os Estados e os seus servizos de intelixencia están involucrados na represión de poboacións enteiras, como é sabido, adestrando, armando e financiando o monstro do islamofascismo polos seus intereses; un monstro que, como vimos, unha vez que crece, tamén toma autonomía e vólvese contra o seu creador.

Non consideramos natural que os corvos dos lobbies económicos saqueen os recursos dos países desestabilizados en nome da paz e o desenvolvemento.

Consideramos ataques naturais, por todos os medios, aos propietarios, funcionarios públicos, os banqueiros, os que ocupan postos de poder político e económico, aos asasinados armados que defenden a paz social, os representantes da lei, os directivos das empresas multinacionais, todas aquelas personalidades e a infraestrutura que mantén e replica un sistema culpable de todas as cousas malas que existen neste planeta.

Estas son diferenzas que non se poden salvar e que permanecerán para sempre irreconciliables e que só pode conducir á confrontación; É o desenvolvemento da insurrección e a contrainsurrección e a forza dialéctica que se expande en todos os campos.

En canto á nosa parte, desta maneira abriuse unha brecha entre os dominios onde o control social organízase ensanguentado as flores da

apatía, unha brecha perigosa que pretende esmagar a opresión organizada e a violencia do Poder, o factor impredecible, o erro estatístico nos diagramas de tecnócratas, o hóspede non convidado en forma de inimigo interno que organizase e ármase para golpear aos inimigos da liberdade.

Esta é a insurrección anarquista duradeira, e a súa filosofía infecta o tecido autoritario, difundindo a anarquía nas metrópoles do capitalismo. E está claro que non se rende, nin se retira, senón que só se recoloca para atacar unha e outra vez. Debido a que "todo ou nada" non é unha frase inocua pintada nunha parede, senón que encerra o significado da vida dos compañeiros, nestes tempos e outras épocas, que caeron en combate co inimigo. Esta é a razón pola que a insurrección anarquista constante continuará a cercar á dominación, ata que o derradeiro autoritario sexa aforcado polas tripas do derradeiro burócrata.

Porque non abonda con falar da anarquía se non é asegurando a súa supervivencia a través de accións contra o Estado, o capital, a sociedade e a súa civilización; porque a anarquía sempre será unha guerra sen límites contra as probabilidades ditadas polos "expertos".

Así que atopámonos unha vez máis que as minorías combativas anulan os vínculos de causa e efecto, alí onde todo é posible, onde os ataques por sorpresa golpean os territorios ocupados polo poder militar e o seu predominio político.

Isto sempre foi para min o aspecto interesante do conflito, este foi, é e sempre será a única base analítica coherente sobre o tema.

Por tanto, Alexandros é unha parte integral desta historia; Non podería dicir que pasase se as cousas fosen doutra maneira. Pero podo dicir

quen foi Alexandros antes de que caese baixo os disparos da policía. Na súa curta pero intensa vida viviu con autenticidade, era un mozo rebelde fascinado pola idea da anarquía como os que agora ocupan as rúas da cidade lanzando á policía cócteles molotov, queimando coches de policía, era rebelde e obstinado, era unha persoa sincera coa alma nobre e desinteresada. Era unha persoa que viviu intensamente as paixóns e decepcións.

Él amou e foi amado por moitos amigos e sempre será un punto de referencia para moitas persoas, a maioría dos cales están agora prisioneiros nos cárceres da democracia. Sei que segue preparando pequenos e grandes golpes cos nosos mortos, Mauricio, Carlos, Sebastián, Michalis, Lambros, Christos e dúcias doutras persoas excepcionais que viviron sen poder alcanzar os seus soños.

A pregunta razoable de por que estas cousas díxenas agora, ten unha resposta simple:

Actualmente, onde a velocidade do tempo histórico descarrilou en si, onde os eventos son facilmente desconectados das circunstancias que deron orixe a eles, onde a realidade vese alterada polas lentes deformantes dos publicistas de todo tipo, onde a vida cotiá fórmase de acordo coa imaxe creada polo mundo dixital, é unha necesidade manter viva a memoria revolucionaria, que fagamos todos os seus aspectos coñecidos, sen abandonar nada, sen que nada caia no esquecemento, que só axudaría ao seu distorsión.

Como se abren novos círculos de experiencias radicais, non hai mellor maneira de reiniciar a insurrección anarquista que conectalo co seu punto de reactivación. Unha parte da xeración de anarquistas, coas súas pequenas e grandes desacordos, armáronse despois da rebelión de decembro de 2008 e agora están encerrados nas celas dos cárceres

gregos, tendo como punto de partida as noites nas que os rebeldes estiveron detrás das barricadas e a anarquía inxectando vida entre os danados símbolos de Poder.

A medida que nosas propias experiencias subversivas móvense lonxe do alcance dos nosos eventos persoais cotiáns na rutina do noso cautiverio, tratamos de crear un punto de conexión e, á vez, un punto de partida dunha nova viaxe. Un punto de conexión coas nosas orixes históricas e políticas, un novo punto de partida, que será o punto de encontro dos rebeldes que non toman a estrada de cando en vez, senón que tamén contribuirá á creación dunha plataforma de coordinación e acción da anarquía, onde a estratexia require a estabilización da ira, alí onde a dialéctica revolucionaria require completa dedicación á loita pola liberación.

Por que o Decembro Negro non é a repetición da secuencia de comandos de revoltas anteriores, pero si un ciclo de loita que une o pasado co presente, en busca dun futuro no que a nosa vida de cada día será invadida por accións e ataques de guerrilla contra o poder?

Porque, a pesar de que os nosos corpos están encarcerados entre muros e fechaduras, as nosas almas atópanse en todas as partes do planeta onde as bandeiras de resistencia buscan un mundo de liberdade. Debido a que os nosos corazóns teimosamente seguen o ritmo da liberdade salvaxe, xunto aos compañeiros do Movemento Insurxente Anarquista en Brasil, que, á súa vez, chamaron para un Decembro Negro despois de prender lume ás sucursais bancarias, xunto ás células da FAI e os grupos guerrilleiros de compañeiros que van á ofensiva, á beira de loitadores pola liberdade que combaten aos islamofascistas no territorio do Kurdistán sirio, xunto a compañeiros anarquistas que arriscan as súas vidas para axudar na reconstrución de Kobane, xunto aos manifestantes na Gran Bretaña, cuxa raiba maniféstase con

violencia rompendo o control asfixiante, xunto aos anarquistas en España afectadas polas operacións anti-anarquistas do Estado español, nas rúas de Chile, onde os rebeldes enfróntanse con policía e explotan estacións de policía, nas prazas de Turquía, onde os nosos camaradas pagaron coas súas vidas polo conflito co Estado-mafia de Erdoğan, xunto a compañeiros de Bélxica que acenden lumes da destrución nas rúas de Bruselas. A pesar de todas as distancias quilométricas a nosa loita é común, e compartimos a mesma alegría e os mesmos dores con todas estas persoas que difunden o veneno da liberdade no tecido social autoritario.

Este foi Alexandros e este son eu. Non me arrepeno de nada e sigo crendo que a única opción decente nos nosos días é o da insurrección e a loita pola anarquía. Por todas estas razóns, a confrontación entre o mundo da liberdade e o mundo da escravitude continuará ata o derradeiro día.

Para honrar a todos os mortos na loita pola liberación!  
Forza e solidariedade a todos os presos anarquistas!  
Longa vida aos anarquistas!

Nikos Romanos

PD Para poñer fin á farsa dos últimos días sobre a modificación da cuadrilla de pallasos de Syriza do meu permiso de estudo, debe quedar claro que nestes tres anos, cando estaba no cárcere eu nunca puxen un pé fóra, nin se espera tal cousa nese momento, xa que é evidente que non hai posibilidade de que se me dea permiso por parte de calquera maxistrado, se chame Nikopoulos ou Perimeni. Así que os trucos de comunicación de SYRIZA só se moven na mala fe para cultivar impresións positivas nos votantes da esquerda; nun mes de todos os xeitos vai terminar o proceso no que se lles acusa e dixéronme

claramente polo Servizo Penal que se sigo escribindo cartas e "molesto" no cárcere -o que vou seguir facendo porque eu non quero ningún desconto- o resultado sempre será negativo.



A pintada di: *“Atracadores son os Estados e os xefes. Criminal son a policía e os xuíces. Malfeitores sodes vós, os cidadáns, que non tomades parte en nada. Todos vós sodes asasinos da liberdade”*